



MEMORIA





ÍNDICE

1. HISTORIA.....PAX 1

2. OBXECTO SOCIAL.....PAX 3

3. ORGANIZACIÓN.....PAX 4

4. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....PAX 6

5. RECURSOS.....PAX 7

6. ACTIVIDADES.....PAX 9

**6.1. ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON
SUBSTANCIAS ADITIVAS.**

6.2. ATENCIÓN A POBOACIÓN RECLUSA.

**6.3. AXUDA A MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE
EXPLOTACIÓN SEXUAL E/OU MULLERES QUE EXERCEN A
PROSTITUCIÓN.**

6.4. VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN

7. FINANCIAMENTO.....PAX 27

8. COLABORACIÓNS.....PAX 32

1. HISTORIA.

A Asociación ALIAD-ULTREIA ten a súa orixe na Asociación A.L.I.A.D. (Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente), fundada en 1984 na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (médicos, psicólogos, profesores,...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das drogodependencias e atendelo conxunto de necesidades humanas que este xera. Nun principio o seu ámbito de actuación era a prevención, tratamento e incorporación de persoas drogodependentes pero A.L.I.A.D. cedo se especializou na área de incorporación.



Foto: Aliad Ulteira

Debido ó traballo desenvolvido, a entidade converteuse nunha referencia a nivel nacional na temática das drogodependencias.

ALIAD-ULTREIA foi evolucionando ao longo dos anos adaptándose á cambiante realidade social. Deste xeito, co xurdimento de novas necesidades sociais, ademais de seguir atendendo ó colectivo relacionado coas drogodependencias, a asociación comezou a diversificar o tipo de actuacións e os/as beneficiarios/as das mesmas. Foi no ano 2010 cando a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse ALIAD-ULTREIA. A razón disto ven a ampliación do seu ámbito de actuación debido o nacemento de novas realidades e necesidades sociais.



No ano 2012 ALIAD ULTREIA foi galardoada co premio “Milagrosista do ano” pola súa labor e traxectoria en favor da integración de persoas en risco de exclusión. Este premio ten un gran arraigo na cidade de Lugo e foi concedido pola Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do barrio da Milagrosa.



Foto: El Progreso. Milagrosistas do ano” 2012

No ano 2014 esta entidade tamén recibiu o premio “Lazo De Prata” pola súa labor na loita contra o SIDA. Este premio foi concedido pola Sociedad Gallega Interdisciplinaria del Sida (SOGAISIDA).

ALIAD-ULTREIA traballa actualmente con persoas afectadas por calquera tipo de problemática social e, en consecuencia, céntrase na atención integral de individuos sometidos a un risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais ou de calquera outra índole.



2. OBXECTO SOCIAL.

ALIAD-ULTREIA ten como misión a promoción dunha mellora na calidade de vida dos homes e mulleres a través dunha **atención integral a persoas en risco de exclusión** por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais, ou de calquera outra natureza.

ALIAD-ULTREIA pretende ser un recurso de incorporación que facilite a integración social proporcionando:

-Información e sensibilización sobre as distintas problemáticas coas que traballa.

-Formación dirixida aos colectivos e sectores sociais que teñan relación, directa ou indirecta, coa problemática tratada.

-Atención psicolóxica, xurídica, laboral, sanitaria,... os/as usuarios/as contando para elo cun equipo multidisciplinar que desenvolve os distintos programas e proxectos de ALIAD-ULTREIA.

-Acompañamento dos distintos/as usuarios/as a recursos sociais, de formación, vivenda,...

-Colaboración, establecendo relacións e nexos de reunión con diversas entidades públicas e privadas, locais, autonómicas, nacionais e internacionais que contribúan a acadar o mesmo fin para ó cal foi concebida ALIAD-ULTREIA.

-Traballos de investigación que detectan novas problemáticas sociais e que a súa vez serven de base para á planificación de futuras accións.

Todo isto sen perder de vista os valores esenciais da entidade que son **a solidariedade, a transparencia, o compromiso e a sensibilización social.**

Deste xeito, ALIAD-UTREIA pretende ser una organización de referencia autonómica na atención de persoas en perigo de exclusión social especialmente aquelas que non son atendidas por outras organizacións, economicamente sostible e independente, con capacidade de adaptación e dirixida cara a consecución dunha sociedade máis igualitaria e cohesionada.



3. ORGANIZACIÓN.

ALIAD-ULTREIA é una **Asociación sen ánimo de lucro** que se rixe polo art. 22 da Constitución, a 02 Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e a Lei 49/20, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.

ALIAD-ULTREIA foi constituída por tempo indefinido e ten como ámbito de actuación todo o territorio español, se ben, principalmente, desenvolve as súas actividades na provincia de Lugo. En 2006 a Xunta de Galicia declaroua **de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de drogodependencias**. (Orden do 19 de setembro de 2006 publicada no DOG do 6 de outubro de 2006)

No ano 2014 ALIAD ULTREIA foi declarada de **Utilidade Pública** (Orde do 24 de marzo de 2014, publicada no DOG nº69 do 9 de abril de 2014).

ALIAD-ULTREIA ten como órgano supremo de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todos os asociados. A xestión e representación da entidade recae nunha Xunta Directiva formada por: un/a Presidente/a, un/a Vicepresidente/a, un/a Secretario/a e un/a Tesoureiro/a. Actualmente a Xunta directiva está constituída por:

D. Manuel Varela Veiga (Presidente)

Dña. Ana Luisa Posada Luances (Vicepresidenta)

D. Bernardo Gutiérrez Mariño (Secretario)

Dña. Rosa Marina Zas Castro (Tesoureira)

O desempeño dos cargos da xunta directiva como órgano de representación é totalmente gratuíto e ningún dos membros percibe retribución algunha por razón do seu cargo ou pola prestación de servizos diferentes as funcións que lles corresponden como tal.



ALIAD-ULTREIA está inscrita nos seguintes rexistros:

- Rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia co nº1984/00426, sección 1ª.
- Rexistro Xeral de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co nº2010/014710-1.
- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia co nº E-0178.
- Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia co nº SA 463D 2003/4
- Rexistro de Asociacións do Concello de Lugo co nº258.


ALIAD-ULTREIA tamén forma parte da Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo, sendo unha das entidades fundadoras de dita Federación. Ademais, actualmente ALIAD ULTREIA, ocupa a presidencia da súa Xunta Directiva e cede os seus locais para o desenvolvemento da actividade da Federación.




Foto: Aliad Ultraia. Reunión de FADAS Lugo.

4. LOCALIZACIÓN E ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

A sede de ALIAD-ULTREIA atópase na Rúa Milagrosa nº99-101, C.P.: 27003 da cidade de Lugo.




Aínda que ALIAD-ULTREIA está constituída como una organización que pode actuar a nivel nacional, centra a súa actuación na comunidade autónoma galega e sobre todo na provincia de Lugo.



5. RECURSOS.

5.1. Materiais

ALIAD-ULTREIA conta cun inmobile en propiedade sito na rúa Milagrosa no que se sitúan tres despachos con varios postos de traballo, unha consulta médica, unha sala de reunións, un espazo de uso común, baño, dous almacéns, un aula de informática polivalente e un apartamento de acollida. Todas estas estanzas atópanse totalmente equipadas e amobladas tanto para o actual desenvolvemento da actividade da entidade cómo para posibles futuras ampliacións da mesma.



Fotos: Aliad Ultreia.

5.2. Laborais

No ano 2014 ALIAD ULTREIA tivo unha media de 5 traballadores contratados (chegando en ocasións a ser 6 persoas as contratadas para desenvolver os diferentes proxectos e programas). Unha psicóloga, unha educadora social, un sociólogo, unha socióloga e un graduado en empresariais, formaron o equipo técnico de Aliad Ultreia, todos eles con ampla experiencia no ámbito do social. Ademais destes cinco profesionais, ALIAD-ULTREIA conta coa colaboración de varios profesionais externos, abogados, médicos, etc.

En canto ao voluntariado, ALIAD-ULTREIA ten asinados varios convenios, coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa Universidade da Coruña (UDC) e con outras institucións educativas para ofrecer a realización de prácticas do seu alumnado na nosa entidade. A cambio de ditas prácticas, estas entidades outorgan créditos das diferentes titulacións.



É habitual que estes alumnos, unha vez terminadas as prácticas, sigan vinculados a ALIAD-ULTREIA e continúen prestando a súa colaboración coa entidade.





Ademais destes alumnos de distintos centros que realizan prácticas na entidade, ALIAD-ULTREIA conta cunha bolsa de voluntarios (23 persoas) que colaboran nas diferentes actividades e programas desenvoltos.

No ano 2014 ALIAD ULTREIA, xunto coa Asociación Penitenciaria Concepción Arenal e A Pastoral Penitenciaria do Obispado de Lugo continuou a traballar no programa de voluntariado para o apoio as persoas privadas de liberdade. Destacar tamén que Aliad Ultreia forma parte da Rede Lucense de Voluntariado (RELUVOL)



6. ACTIVIDADES.

No ano 2014 ALIAD-ULTREIA desenvolveu as súas actividades en catro liñas estratéxicas básicas.

-  **ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUSBTANCIAS ADITIVAS.**
-  **ATENCIÓN A POBOACIÓN RECLUSA.**
-  **AXUDA A MULLERES VÍCTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL E/OU MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN.**
-  **VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN.**

O feito de que actualmente a actividade de ALIAD-ULTREIA se centre nestes ámbitos non impide que debido á cambiante realidade social e ó xurdimento de novas realidades sociais, ademais de continuar coa labor realizada ata agora, esta entidade abra ou amplíe as súas actuacións a outros frontes distintos.

6.1. ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS ADITIVAS

Dentro desta liña de actuación, ALIAD-ULTREIA ten dúas iniciativas en funcionamento. Ó **Programa de Atención Xurídico Social** e o **Proxecto de cumprimento de penas e medidas alternativas a prisión.**





6.1.1. Programa de Atención Xurídico Social.

Este Programa está enmarcado dentro do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia (antes Plan Galego sobre drogas) deseñado pola Xunta de Galicia. Neste sentido ALIAD-ULTREIA forma parte dos recursos cos que conta dito plan en Galicia, sendo ó único que traballa no ámbito da incorporación na Provincia de Lugo.

As actuacións de dito programa comezan no momento da detención e prólónganse ata a execución da pena. Ó obxectivo deste programa é o asesoramento legal das persoas drogodependentes ou exdrogodependentes para que estes poidan acadar a súa incorporación social e laboral.

Para elo, as actividades realizadas neste ámbito son:



-  Facilitar a atención integral aos drogodependentes con problemas legais.
-  Optimizar a coordinación entre as distintas institucións e axentes implicados.
-  Asesorar e orientar aos maxistrados, xuíces e fiscais sobre a situación persoal, familiar e social do drogodependente.
-  Accións de orientación-motivación persoais de cara ao tratamento.

6.1.2. Programa de cumprimento de penas e medidas alternativas a prisión.

Ó obxecto desta iniciativa é a axuda e atención a persoas drogodependentes que foron condeadas e sometidas a medidas alternativas á prisión.

ALIAD-ULTREIA desenvolve este proxecto en coordinación cos equipos de tratamento das prisións, da Unidade de Atención ao Drogodependente e do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas de Lugo (SGPMA). Neste sentido ALIAD-ULTREIA diseña un plan de intervención para cada usuario/a e mantén contacto con eles e as súas familias a fin de realizar un seguemento das actividades e valorar o apoio familiar.


Sinalar tamén que estes cumprimentos inclúen informes de seguemento que realiza ALIAD-ULTREIA para ó SGPMA.

ALIAD-ULTREIA leva desenvolvendo estes dous Programas de Atención a Persoas Drogodependentes dende 1993. De carácter anual, ambos programas realizaron durante ó ano 2014 **1.283 intervencións, con 251 persoas con conductas aditivas.**

A continuación amósanse algúns dos datos relativos a ditos Programas no ano 2014. Máis concretamente relativos ao nº de intervencións, clase das mesmas e porcentaxe que representan estas respecto do total.

TIPO DE INTERVENCIÓN	% RESPECTO DO TOTAL
ENTREVISTA CON USUARIO OU FAMILIARES	51,99%
CONTACTO CON AVOGADO	9,28%
CONTACTO CON OUTRO DISPOSITIVO DO P.G.D	10,44%
INTERVENCIÓN EN COMISARÍA	0,08%
REDACCIÓN DE ESCRITOS XURÍDICOS	6,24%
SOLICITUDE DE INFORME TERAPÉUTICO	4,13%
EMISIÓN DE INFORME SOCIAL	1,40%
XESTIÓN EN XUZGADOS	2,57%
XESTIÓN EN CENTRO PENITENCIARIO	2,03%
XESTIÓN ANTE OUTRO ORGANISMO PUBLICO	6,47%
SOLICITUDE SUSP. SANCIÓN ADMINISTRATIVA	1,79%
ASISTENCIA A XUICIO	0,23%
ASESORAMENTO A XUICES E FISCALES	0,39%
OUTROS	2,96%
TOTAL	100,00%

Fonte: Aliad Ultraia



Fonte: Aliad Ultraia



Á vista dos datos expostos é evidente que estas iniciativas desenvolvidas por ALIAD-ULTREIA en Lugo, son sólidas e están consolidadas dentro do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia. Debido a esta demanda, cremos indispensable a continuación coa nosa labor.



6.2. ATENCIÓN Á POBOACIÓN RECLUSA.

O contexto penitenciario, polas súas características de entorno pechado, supón un alonxamento das persoas do mundo laboral, da cultura, das relacións sociais, das familias, etc.

Ó cumprimento dunha pena debería de ter como obxectivo a reeducación e a reinserción social. Neste senso, tendo en conta cómo se desenvolven os cumprimentos de ditas penas nas prisións, cremos que actualmente este obxectivo só se cumpre en parte ou non se cumpre. Por iso, ALIAD-ULTREIA pretende mediante programas formativos, culturais e sociais, achegar actividades que promovan o desenvolvemento persoal e axuden a preparar a vida en liberdade.

Dentro deste ámbito de actuación podemos diferenciar tres iniciativas:

Ó **Proxecto de preparación para a liberdade** que se desenvolve dentro dos centros Penitenciarios da Provincia de Lugo (Bonxe e Monterroso), o **Proxecto Preparados, Listos, Xa!** que se leva a cabo no apartamento de acollida que ALIAD-ULTREIA ten durante os distintos permisos penitenciarios e **Proxecto de Participación Comunitaria "Construíndo convivencia"** desenvolto no C.P. de Monterroso.

6.2.1. Proxecto de preparación para a liberdade.

Esta iniciativa ten como obxectivo xeral ó desenvolvemento persoal da poboación reclusa participante no proxecto, a recuperación e adquisición de habilidades e o adestramento de estas para a súa vida en liberdade.

Para elo, dentro dos centros penitenciarios, realízanse actividades como:







-  Obradoiro de habilidades sociais.
-  Obradoiro de orientación laboral.
-  Obradoiro de masculinidades e igualdade de xénero.
-  Obradoiro de xestión das emocións e autocontrol.
-  Saídas programadas de carácter sociocultural.
-  Actividades lúdico-culturales.



Foto: Aliad Ultraia. Visita á Granxa Maruxa na saída realizada con internos do C.P de Monterroso dentro do Programa de Preparación para a liberdade.

Este proxecto xurdiu como continuación da atención ás persoas drogodependentes que tendo algún tipo de delito finalmente entraban en prisión.

Ó programa asume unha visión máis integral ao traballar para preparar a vida en liberdade de persoas drogodependentes pero colaborando cos servizos médicos, os/as psicólogos/as do centro e os Axentes de Saúde dos centros penitenciarios, de tal forma que ó programa traballa en prevención de recaídas, motivación dirixida ao tratamento, talleres de habilidades sociais e laborais, igualdade de xénero, sexualidade, xestión de emocións e autocontrol.

Durante ó ano 2014 traballouse principalmente no Centro Penitenciario de Monterroso realizando diversos obradoiros e actividades. Tamén se realizaron actividades no Centro Penitenciario de Bonxe como os Obradoiros de habilidades sociais e o obradoiro de masculinidades e igualdade de xénero.

Destacar entre as actividades lúdico-culturais a actuación dentro do Centro Penitenciario de Monterroso de grupos musicais e de teatro que en colaboración con ALIAD ULTREIA, axudaron a achegar e difundir diferentes aspectos culturais as persoas privadas de liberdade. Da mesma maneira, as saídas programadas de carácter sociocultural promoven ó interese e espertan nos internos dos Centros Penitenciarios una inquietude socio/cultural que favorece a súa preparación para a liberdade. Durante o ano 2014 realizáronse catro saídas con diferentes persoas:

- Visita a Palas de Rei e Jim Sports.
- Visita a Castro Viladonga e rota Azúmara
- Visita Monterroso e Granxa Maruxa
- Visita Chantada e ó embalse de Belesar.

En total, **durante ó ano 2014 foron 48 as persoas que participaron en todas estas iniciativas.**

Para ó ano 2015 preténdese continuar coa labor realizada no Centro Penitenciario de Monterroso e ampliar e reforzar as actividades no C.P de Bonxe.

6.2.2. Proxecto Preparados, Listos, Xa!

ALIAD-ULTREIA pon a disposición dos internos/as dos Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso, un apartamento no que disfrutar de permisos penitenciarios de saída.

Se ben nun principio este proxecto centrábase na tutela de persoas con problemas de drogodependencias ao longo dun itinerario, actualmente a poboación obxectivo amplíase a todas aquelas persoas que estando privadas de liberdade, non teñen recursos (nin económicos nin de vínculo familiar en Lugo) para poder acceder a estes permisos de saída.

A finalidade desta tutela é a de organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos penitenciarios de saída e os primeiros momentos en liberdade. Para elo se desenvolven diversas actividades cos usuarios, entrevistas de seguemento e control, programación do día, acompañamentos, participación en cursos... Moitas destas actividades son realizadas en colaboración con voluntarios de ALIAD ULTREIA (ver apartado de voluntariado e sensibilización)

Ó obxectivo final é preparar a estas persoas para que poidan desenvolvela súa vida en liberdade dunha maneira normalizada.





Durante ó ano 2014 houbo **23 persoas que disfrutaron no apartamento de ALIAD ULTREIA un total de 69 permisos**. Estes permisos mantiveron ocupado dito apartamento durante 297 días.

Como novidade apuntar que desde este ano, por primeira vez, no programa Preparados Listos Xa! participaron varias mulleres. Isto é debido a que no C.P de Bonxe tamén se traballa con mulleres. (No C.P. de Monterroso soamente hai homes).

6.2.3. Proxecto de Participación Comunitaria "Construíndo convivencia"

Como xa se comentou no capítulo segundo relativo ao obxecto social, ALIAD-ULTREIA tamén realiza traballos de investigación que detectan novas problemáticas sociais e que a súa vez serven de base para a planificación de futuras accións.

Este proxecto se iniciou no ano 2012 coa finalidade de investigar sobre os conflitos e problemáticas existentes na convivencia cidadá intercultural nos centros penitenciarios, máis concretamente no Centro Penitenciario de Monterroso. No periodo 2012-2013 esta investigación se centrou na identificación de problemáticas entre a poboación reclusa, e nela participaron 10 persoas.

Durante o 2014 A través dunha metodoloxía participativa os internos, os funcionarios e as ong's que traballan neste centro, identificaron as necesidades e problemáticas sobre as que posteriormente se desenvolverá un proxecto de animación sociocultural.

Esta iniciativa ten como obxectivo a mellora da convivencia intercultural de todos os colectivos que comparten o espazo no Centro Penitenciario de Monterroso e nela **participan mais de 50 persoas**.

Para a realización deste proxecto cóntase con financiamento da Obra social da Caixa así como dun Programa de Cooperación da Consellería de traballo que permitiu a contratación dunha persoa durante un ano. Actualmente o proxecto segue en vigor nunha fase moi avanzada na que xa está en funcionamento un comité mixto formado por representantes de cada colectivo participante na investigación.



Ó igual que sucedía nos Programas de Atención a Persoas Drogodependentes, o alto nivel de participación nas actividades e iniciativas desenvoltas por ALIAD ULTREIA confirma a idea de que estes servizos, continúan sendo moi demandados e necesarios debido a unha maior concienciación da problemática no ámbito penitenciario. Polo tanto, é cada vez máis evidente que só a privación de liberdade non axuda a solventar os problemas. ALIAD ULTREIA pon sobre a mesa un catálogo de actividades que se confirma como unha alternativa de éxito pois, a vista do seu desenvolvemento e dos resultados obtidos, este tipo de servizos tornáronse en indispensables para alcanzar a adaptación da vida en liberdade e para á redución da reincidencia.

Por todo ó exposto, parece evidente que estes programas de intervención con persoas en centros penitenciarios son moi útiles e necesarios de cara a reinserción destas persoas na sociedade. Por elo, de cara aos próximos anos intentaremos, senón aumentar, manter o nivel de usuarios, e atención aos mesmos.



6.3 PROGRAMA DONAS DE AXUDA A MULLERES VÍCTIMAS DE TRATA E/OU DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN.

Ó Programa naceu da especial necesidade que se detectou na Provincia de Lugo de **velar polos dereitos das mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual**, actualmente unha das formas máis graves e extendidas de violación dos dereitos humanos nos países auto-denominados “desenvolvidos”. Á trata e/ou explotación sexual de mulleres é unha forma de escravitude moderna e supón unha degradación insoportable para á persoa que a padece, que deixa de ser suxeito de dereitos para converterse en obxecto de consumo. Axudar a visibilizar o problema, denunciálo e traballar a favor dos dereitos destas mulleres debe de ser un compromiso social ao que nos quixemos sumar como Asociación, que ten establecidos entre os seus obxectivos estatutarios, a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a inserción de persoas en risco de exclusión social.

Ó “Programa Donas” créase no ano 2010, tras unha colaboración co Centro Vagalume de Santiago de Compostela e ó posterior contacto con representantes do Poder Xudicial na cidade de Lugo.

A realidade de Lugo continúa vencellada a un proceso xudicial (O Caso Carioca). Moitas mulleres relacionadas con este caso atópanse nunha situación delicada. O sistema de protección existente, do que Aliad Ultreia forma parte, foi deseñado para garantir a protección e os dereitos que a estas mulleres lle son lexítimos. Sucede que a complexidade das situacións coas que nos atopamos fai moi difícil a consecución destes obxectivos. Por iso é necesario seguir traballando para que, tanto as mulleres que colaboran coa Xustiza, cómo as que decidiron non facelo, reciban información acerca da situación fáctica e xurídica na que se atopan, e colaborar para que os recursos sociais garantan a súa protección e os seus dereitos.

Conclusión: ***As mulleres vítimas de explotación sexual e/ou de trata con fins de explotación sexual, e persoas que exercen a prostitución en xeral, que residen, ou residiron en Lugo non teñen acceso á información sobre os seus dereitos, teñen moitas dificultades á hora de regularizala súa situación e non poden facer uso dos recursos sociais en condicións de igualdade.***



Foto: Foto promocional del día internacional contra la explotación sexual (www.todosayudan.com)

O proxecto ubícase na Provincia de Lugo, pero debido a mobilidade destas mulleres polos diferentes pisos e “clubs praza”, aténdense usuarias que se atopan noutras provincias.

Ata ó ano 2011, e debido a falta de financiamento, ó Programa Donas centrábase soamente na atención xurídica destas mulleres. Grazas ao aumento do financiamento, tanto pública como privada, e ao acordo de colaboración de Cáritas, entidade coa que se traballa conxuntamente, desde o ano 2012 este programa se desenvolve na súa totalidade, tal e como se houbo concebido, como un recurso que ofrece unha atención xurídica, social, sanitaria, laboral,...¹

¹ ALIAD ULTREIA tamén forma parte da Rede Galega contra á trata e colabora coa ong Ecos do Sur de A Coruña que presta un servizo similar no norte da provincia de Lugo



No ano 2014 continuou desenvolvéndose o proxecto en toda a súa extensión aumentando considerablemente o nº de persoas atendidas.

Os ámbitos de actuación do programa son tres: Pisos onde se exerce á prostitución, o Barrio da Tinería (barrio de Lugo tradicionalmente vinculado a prostitución) e clubs de alterne. En todos eles realízanse traballos de asesoramento xurídico, social, sanitario e laboral pero á forma de actuar é distinta en cada visita debido as diferentes características do entorno e das usuarias.

Durante ó ano 2014 realizáronse diversos obradoiros, sobre métodos de prevención de infeccións de transmisión sexual, e obradorio de autocoidado no que se trata tamén o valor do tempo de lecer, xénero, etc...

Apuntar que vinculado ao Programa Donas naceu outro recurso/actividade de ALIAD ULTREIA. Esta consiste na posibilidade de realizar de forma gratuíta² á proba rápida de VIH en fluído oral. Se ben nun principio esta iniciativa serviu para introducirnos e darnos a coñecer entre as mulleres que exercen á prostitución, actualmente ademais de seguir sendo unha das actividades máis interesantes para esta poboación, ó perfil e características dos usuarios/as que demandan esta proba é moi diferente.

O importante de todas estas actividades, ademais de informar sobre diferentes aspectos, é que ALIAD ULTREIA dáse a coñecer entre estas mulleres de maneira que no momento que teñan un problema, dúbida ou consulta poidan poñerse en contacto coa entidade para axudalas no que necesiten. Para elo deseñouse unha tarxeta cos datos de contacto e servizos ofrecidos por ALIAD ULTREIA e Cáritas. Esta tarxeta distribuíuse en todas as visitas realizadas durante ó ano 2014 entre as mulleres participantes nos diferentes talleres.

Por todo elo cremos que ó Programa Donas acada ó obxectivo principal para ó que foi creado, que era ó de melloral a situación das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual de Lugo traballando para á consecución dos seus dereitos en condicións de igualdade.

Durante ó ano 2014 atendéronse un total de 207 mulleres das que 20 eran testemuñas protexidas. Á vista destes datos é evidente a necesidade dunha iniciativa como esta, sobre todo se temos en conta que en Lugo non existe una alternativa similar.

² Esta proba está financiada exclusivamente pola Consellería de Sanidade.

Vinculado ao Programa Donas este ano xurdiu un novo proxecto que se denominou "Proxecto Tecendo Futuro". Este Proxecto de intervención para o empoderamento feminino a través do apoio á actividade empresarial levouse a cabo a través de diversos talleres nos que se promoveu e desenvolveu o espírito emprendedor así como a xeración de ideas que permitiron fortalecer o proxecto empresarial das mulleres participantes. Isto foi posible despois de facer un análise de viabilidade riguroso que levou a reorganizar o proxecto que tiñan en mente ou, en algúns casos, a descarta a idea e decidirse por outras vías de inserción laboral.

Este proxecto xurdiu despois de catro anos de Programa Donas. Catro anos en que o coñecemento da realidade, o achegamento ao lugar de traballo, a acollida e toma de confianza, e a atención integral das mulleres e conciencia social foron os pilares da nosa actividade. Este proxecto que durou de setembro a decembro de 2014 buscou dar un novo paso para a mellora da calidade de vida destas mulleres . Este proxecto foi organizado co obxectivo de traballar para a toma de poder e decisión dun grupo de mulleres que optan por transformar a súa realidade iniciando un proceso de formación que apostou por valorar e capacitar para a posta en marcha dun proxecto personal.

Para a realización do proxecto recibíuse o apoio económico da Fundación Barrié e da Fundación María Roviralta así como doutras institucións públicas (Secretaría Xeral de Igualdade). Apuntar tamén que a empresa INGAPÁN colaborou con este proxecto ofertando prácticas profesionais nos seus obradoiros ás participantes no módulo de orientación laboral deste proxecto.

En "Tecendo Futuro" **participaron un total de 20 mulleres**. Agárdase, repertir a experiencia para o ano 2015 mellorando e ampliando a formación ofrecida no ano 2014.



6.4. VOLUNTARIADO E SENSIBILIZACIÓN.

Desde os seus inicios a asociación contou coa participación de persoal voluntario para o desenvolvemento das súas actividades, nun principio dun xeito máis espontáneo pero co paso dos anos a colaboración vaise protocolarizando e mellorando. Nos últimos anos o Servizo de Participación e Integración Universitaria foi o mecanismo para achegarnos, seleccionar e formar as persoas que estaban interesados/as nos programas que fai ALIAD a máis de colaborar en temas de prevención do consumo de drogas na comunidade universitaria.

Actualmente os/as voluntarios/as que acoden a Aliad Ulteira, teñen diferentes características, proveñen de diversos ámbitos, e amosan intereses dispares. Por ese motivo as actividades de voluntariado que se realizaron durante este ano 2014 ofreceron diferentes alternativas para axudar aos/as usuarios/as dos colectivos obxectivos destas actividades. Uns colectivos que claramente se atopan dentro dos denominados "en risco de exclusión". (Aínda que algunha actividade realizada co colectivo de mulleres tamén se podería enmarcar dentro da igualdade de xénero)

As actividades que realizaron os voluntarios pódense resumir nos seguintes puntos:

- Accións de sensibilización: Estas actividades realizáronse durante todo o ano. Houbo charlas en diversas asociacións, accións de rúa, difusión de eventos, e redacción de noticias, todas elas co obxectivo de sensibilizar á sociedade sobre a problemática específica dos distintos colectivos aos que atende Aliad Ulteira.



Foto: Reunión de voluntariado penitenciario (abril 2014)

- Colaboración na organización e desenvolvemento do obradoiro de habilidades socio-laborai levado a cabo no C.P. de Monterroso.

- Obradoiro de informática dirixido por un voluntario e destinado a persoas que desfrutaron de permisos ou persoas que no ano 2014 estaban en período de condicional ou nos primeiros momentos da liberdade.
- Obradoiro de orientación laboral dirixido por unha voluntaria e realizado dentro das instalacións de Aliad Ultraia. Centrouse na orientación laboral cun amplo colectivo que abarca a persoas en risco de exclusión social (ex-reclusos, drogodependentes, familias sen recursos,...)



Foto: Presentación obradoiro de orientación laboral en Aliad Ultraia

- Acompañamentos a usuarios/as. Actividade realizada por varios voluntarios/as.
- Apoio nas saídas socioculturais do Programa de Preparación para a liberdade.
- Realización de actividades culturais dentro do C.P. de Monterroso.
- Axuda na organización de eventos e iniciativas (rastros solidarios, xornadas,...)



Foto: Rastrillo solidario organizado por Aliad Ultraia.

Ademais, continuando coas actividades iniciadas no 2012 relativas á rede de voluntariado penitenciario de Lugo da que forma parte esta entidade, no ano 2013 Aliad Ultreia participou na organización das II Xornadas de Redes Penitenciarias organizadas no mes de decembro.

Apuntaremos que actualmente **ALIAD ULTREIA conta con 23 persoas voluntarias** que colaboran nas citadas actividades.

En canto as actividades de sensibilización apuntaremos que durante o 2014 ALIAD ULTREIA divulgou diversa información sobre os seus programas e a problemática social existente a través dos medios de comunicación. (Ver Anexo de Prensa)

Aliad Ultreia tamén participou en eventos e iniciativas organizadas por diferentes motivos e relacionadas cos ámbitos de actuación da entidade, (Día internacional contra a trata de persoas, día internacional do voluntariado, ...).



Fotos: Actividades en el Museo Provincial de Lugo con motivo del Día internacional del voluntariado. Aliad Ultreia



Fotos: Acción de rúa organizada por Aliad-Ultreia e Cáritas con motivo do Día Internacional contra a trata de persoas.

Enlace ao video do acto organizado con motivo do día mundial contra a trata de seres humanos.

<https://www.youtube.com/watch?v=bxVpdYE2DOU>

Neste ano 2014 destacamos a organización, xunto con outras entidades da Rede Galega contra a Trata da "II Xornada Contra a Trata" co tema central de "Investigación, detección e Protección de Víctimas". Dita xornada se realizou o 19 de setembro en Lugo.

Organiza:

ACCEA, Cáritas, faraxa, AMNISTÍA INTERNACIONAL, PROGRAMA DE ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE TRATA DE SERES HUMANOS, PREFERENTE MENTE INMIGRANTES, CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL ESOI LABORAL, FINANCIADO CON FIE DO P.O. 2007-2013 E CO-FINANCIAO DO P.O. 2007-2013 PARA GALICIA, USC

Colabora:

AMNISTÍA INTERNACIONAL, GOBIERNO DE GALICIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

III JORNADA CONTRA LA TRATA: INVESTIGACIÓN, DETECCIÓN Y PROTECCIÓN DE VÍCTIMAS
Lugo, 19 de septiembre de 2014

Organiza:
Rede galega contra a trata

ENTREGA DE DIPLOMAS
JORNADA GRATUITA

Lugar de celebración:
Facultad de Humanidades, Campus de Lugo, Universidad de Santiago de Compostela, Complejo docente del campus de Lugo, 27002 Lugo

Información e inscrición:
<http://www.usc.es/sepia>
Atención telefónica: 982.251.948 (Mañanas)
<https://www.facebook.com/pages/Rede-Galega-contra-a-TRATA/547493035319472>





Ademais ALIAD ULTREIA aproveitou a realización doutras actividades, como as destinadas a busca de financiamento (véxase capítulo de financiamento) para difundir os seus valores, programas, filosofía, obxectivos,... de maneira que esta difusión contribúe a concienciación da poboación sobre os distintos problemas sociais actuais. A difusión desta información sempre estivo acompañada da entrega de folletos informativos.




**ABRINDO PORTAS
Á INTEGRACIÓN**

ALIAD-ULTREIA
Rúa Milagrosa nº99-101,
27003 LUGO

Teléfono/Fax: Móbil
982 251 948 655395940

Correo electrónico:
ongaliad@hotmail.com

www.aliadultreia.webs.tl

ALIAD-ULTREIA é una asociación sen fins de lucro que leva traballando desde 1984 en Lugo na incorporación e integración social de persoas en risco de exclusión.

Os nosos valores fundamentais son:

**A solidariedade,
A transparencia
O compromiso
A sensibilización social.**



Os ámbitos nos que traballamos son:

- Na atención xurídico social a persoas drogodependentes ou exdrogodependentes.
- Na preparación para a liberdade da poboación reclusa.
- Na axuda a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Ej: Díptico informativo en forma de marcapáxinas difundido no "Rastro solidario".

As páxinas webs de ALIAD ULTREIA (www.aliad.org) e a utilización das redes sociais (Facebook e Twitter), a través das que se difunde información sobre a entidade, tamén forman parte da sensibilización e concienciación sobre as distintas problemáticas sociais tratadas na entidade.





En resumo, ALIAD ULTREIA atendeu a **599 persoas** nos distintos ámbitos de actuación nos que traballa. Unha atención que ante todo busca ser gratuíta, inmediata, resolutiva e eficaz.

Por último apuntar que a realización de todas estas actividades confirma o cumprimento dos fins estatutarios para os que foi creada esta organización.



7. FINANCIAMENTO

O presuposto anual de ALIAD-ULTREIA no ano 2014 foi de 186.429,13 euros dos cales o 84,67% (157.853,83 €) proveu de administracións públicas e o restante 15,33 % (28.575,30 €) de entidades privadas, doazóns e realización de actividades.

Entre as distintas administracións que financian as actividades realizadas por ALIAD-ULTREIA destacamos as seguintes: Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, Consellería de Sanidade, Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Traballo e Benestar, Deputación de Lugo e Concello de Lugo. A continuación amósase una táboa (Táboa 1) onde se detalla o importe concedido por cada una das administracións públicas e o programa financiado con eses fondos.

TABOA 1: FINANCIAMENTO PÚBLICO ALIAD ULTREIA AÑO 2014

ENTIDADES PÚBLICAS FINANCIADORAS	PROGRAMAS DESTINO	IMPORTE CONCEDIDOS
*CONSELLERÍA DE SANIDADE.	Programa de Atención Xurídica ao drogodependente	37.866,53
MINISTERIO DE SANIDADE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE	Programa de preparación para a liberdade, Programa Preparados, Listos, Xa! e Programa de cumprimento de penas e medidas alternativas a prisión.	8.346,06
*CONSELLERÍA DE TRABALLO. Programas de Cooperación. (Cofinanciado co Fondo Social Europeo FSE)	Apoio nas tarefas administrativas e de xestión da entidade. Proxecto de Participación Comunitaria. Construindo Convivencia. Proxecto Tecendo Futuro.	10.500,35
*CONSELLERÍA DE SANIDADE.	Talleres sanitarios do Programa Donas (Programa VIH)	10.574,80
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	Programa de Preparación para a liberdade	29.896,09
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	Programa de voluntariado	2.170,00
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA (Cofinanciado do Fondo Social Europeo FSE e o Fondo de Desenvolvemento Rural FEDER)	Programa Donas de axuda a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución	26.000,00
CONCELLO DE LUGO	Mantemento da entidade (custes de funcionamento)	3.000,00
DEPUTACIÓN DE LUGO	Programa Donas de axuda a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución	7.200,00
DEPUTACIÓN DE LUGO	Programa Preparados, Listos, Xa!	12.800,00
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA (Cofinanciado co Fondo de Desenvolvemento Rural FEDER)	Mellora das infraestructuras e mobiliario	9.500,00
TOTAL		157.853,83 €

*Estas axudas tamén cubrían gastos do ano 2013. No importe aquí sinalado soamente temos en conta os importes imputados relativos ao ano 2014.

Fonte: Aliad Ultraia



As fontes de financiamento pública supoñen un recoñecemento por parte dos distintos gobernos da importante labor social realizada. Neste senso durante o 2014 experimentouse un aumento considerable dos fondos públicos concedidos.³ Paradóxicamente, debido a situación actual, este incremento non asegura a subsistencia nun futuro e a dependencia destes fondos supón unha ameaza para a sostenibilidade económica da entidade. Neste senso destacaremos a intención de diminuír nos próximos anos a dependencia dos fondos provintes das administracións públicas. Entendemos que isto favorece a entidade en varios sentidos:

- Minimiza o risco económico de falta de financiamento para a realización de actividades.

- Diminúe problemas de falta de liquidez. (Pois a maioría das axudas concedidas son pagadas una vez realizado o gasto)

- Favorece a independencia da entidade.

Por todo elo cremos que, sen deixar de lado o financiamento público, a diversificación do financiamento incluíndo outras fontes de financiamento privado é una prioridade para os vindeiros meses.

Durante ó ano 2014 fixéronse esforzos para ampliar dito tipo de financiamento, así, no relativo as fontes de financiamento privada podemos diferencialo financiamento procedente de entidades como a Fundación Barrié ou a Fundación La Caixa e a obtida pola realización de actividades, eventos, ou doazóns particulares.

A continuación amósase una táboa coas fontes de financiamento privado de ALIAD UTREIA (Taboa 2)

³ No 2013 o importe dos fondos públicos foi de 113.719,63 euros.

**TABOA 2: FINANCIAMENTO PRIVADO DE ALIAD ULTREIA ANO 2014**

FINANCIAMENTO DE FONDOS PRIVADOS	PROGRAMAS AOS QUE VA DIRIXIDO	IMPORTE
FUNDACIÓN BARRIÉ E FUNDACIÓN MARÍA ROVIRALTA (Programa Más Social)	Proxecto Tecendo Futuro	11.850,00
FUNDACIÓN LA CAIXA	Proxecto de Participación Comunitaria. Construindo Convivencia	10.400,00
INICIATIVA "LLAVES PARA LA INTEGRACIÓN" (Empresas)	Varios Programas	270,00
COTAS SOCIOS	Varios Programas	1.816,79
DONACIONES DE PARTICULARES	Varios Programas	1967,81
DONACIONES POLA VENTA DE LIBROS NO RASTRO SOLIDARIO	Varios Programas	1.503,00
DONACIONES APARELLADAS A VENTA DE LOTERÍA	Varios Programas	573,00
TOTAL		28.575,30 €

Fonte: Aliad Ultraia

Á vista deste financiamento debemos destacar o compromiso da Fundación Barrié e da Fundación María Roviralta con ALIAD ULTREIA, xa que, no ano 2014 esta entidade sufragou parte do custo do Proxecto Tecendo Futuro, proxecto que incluía a contratación dunha persoa durante os tres meses que durou a iniciativa. Por último apuntar que para o ano 2015, colaborará coa segunda fase do programa de formación gratuíto dirixido a técnicos e xunta directiva. Todo isto enmarcado dentro do seu Programa Máis Social.

Por outra banda a Fundación La Caixa concedeu unha axuda de 10.000,00 euros que serviu para sufragar parte dos gastos do Proxecto de Participación Comunitaria: Construindo Convivencia, realizado dentro do C.P. De Monterroso (Proxecto que tamén incluía a contratación dunha traballadora encargada de coordinar o proxecto). Ademais a oficina principal de Lugo de Caixabank concedeu a través da Fundación la Caixa unha axuda de 400 euros para apoiar á actividade da entidade.

As doazóns particulares, as doazóns ligadas a venda de lotería, as doazóns pola venda de libros nos rastros solidarios e as cotas de socios son as outras fontes de financiamento privado que axudan a desenvolver os programas e actividades que ALIAD ULTREIA ten en marcha.

En canto as doazóns particulares, apuntar que durante o ano 2014 mantívose a colaboración coa Fundación Real Dreams que fixo posible continuar coa captación de fondos privados a través de internet, prestando o soporte técnico necesario para dito fin.



<http://www.migranodearena.org/aliad-ultreia-lugo-2>

(Donacións a entidade)

<http://www.migranodearena.org/aliad-ultreia-lugo-3>

(Donacións específicas destinadas ao Programa Donas)

Durante o ano 2014 continuouse coa iniciativa **“Chaves para a integración”**. Una iniciativa a través da cal ALIAD-ULTREIA busca a colaboración de empresas no desenvolvemento das iniciativas que se están levando a cabo e de forma moi especial co Programa Xurídico Social Donas de Atención a Mulleres Víctimas de Trata con fins de Explotación Sexual e mulleres que exercen a prostitución. As empresas que colaboraron economicamente con Aliad Ultreia a través deste programa foron: Limpiezas Mariluz, Loterías El Duende, Farmacia Labandeira e Tintorería Master Clean.

Por último apuntar que a maioría dos gastos da entidade corresponden aos custos salariais das persoas encargadas de desenvolver os programas: Psicóloga, Educadoras Sociais, Sociólogos, Técnico Administrativo,... No ano 2014 estes custos supuxeron 114.138,82 euros que sumados ao custe do avogado (6.000 euros) supoñen o 72,85% do custo total da entidade. O gasto en mellora das infraestructuras tamén foi importante neste ano 2014. En total ascendeu a 25.275,72 euros, o que supón un 15,32% do total do gasto da entidade. Isto foi debido a que varias axudas públicas concedidas incluían partidas finalistas exclusivas para financiar este tipo de gastos (aquelas axudas cofinanciadas co Fondo de Desenvolvemento Rural FERDER). Estas actuacións incluíron: a mellora na seguridade da entidade; coa instalación de cámaras de seguridade e portas de seguridade; a mellora das oficinas, coa compra de novo mobiliario de oficina, ordenadores, e mellora da iluminación, a remodelación dos espazos, coa instalación dun aula de informática totalmente equipada, aumento dun almacén, supresión dun baño e mellora no apartamento de acollida,

















O resto de gastos (11,82%) fan referencia a outros custos como poden ser o mantemento da entidade, limpeza, xestoría, material de oficina, correos, suministros, teléfono, custos específicos dos programas como (material sanitario, alimentos para os usuarios, ...) e custos financeiros⁴.

⁴ ALIAD ULTREIA ten concedido dous préstamos para dispor liquidez para facer fronte aos custos das súas actividades. Isto é así debido a que a maioría das axudas públicas concedidas fanse efectivas una vez xustificadas e pagados ditos gastos. Desta maneira cando falamos de gastos financeiros ademais dos gastos de comisións bancarias, éstos fan referencia tamén ao pago dos intereses xerados por ditos préstamos. Con data do 31 de decembro de 2014, os préstamos concedidos ascendían a 35.192,87 euros.



8. COLABORACIONES.

No relativo a colaboración con outros organismos, aparte do financiamento, debemos de destacala relación e colaboración coas seguintes entidades:

-  Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
-  Unidades Asistenciais de Drogodependencias de Burela, Monforte e Lugo.
-  Subdelegación do goberno en Lugo.
-  Deputación Provincial de Lugo.
-  Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo.
-  Cáritas Lugo
-  Cruz Vermella Lugo.
-  Casa da muller (Lugo).
-  Pastoral Penitenciaria (Lugo).
-  Servizo de Xestión de Penas e medidas Alternativas de Lugo.
-  Equipo de tratamento dos Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso.
-  Asociación Enriqueta Otero.
-  Ong Ecos do Sur (A Coruña)
-  Asociación Penitenciaria Concepción Arenal.
-  Outras entidades sociais de Lugo (Ver apartado de FADAS Lugo)
-  Entidades pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Dun modo máis concreto, ademais do financiamento/colaboración procedente das distintas administracións públicas de ámbito nacional, autonómico, provincial ou local, apuntaremos tamén a colaboración de ALIAD-ULTREIA con outras entidades privadas tanto para o financiamento como para a execución dos programas que leva a cabo.



Fundación Barrié





Así, ademais das xa citadas colaboracións coa **Fundación Barrié** ou coa **Fundación La Caixa**, debemos destacar a existente coa **Asociación Penitenciaria Concepción Arenal de Lugo (APCA)** e coa **Pastoral Penitenciaria de Lugo** que traballan conxuntamente con Aliad Ultreia no deseño de novos programas de atención, e o traballo conxunto realizado con **Cáritas Lugo** no desenvolvemento do Programa Donas.

Destacar tamén que Aliad Ultreia forma parte de **UNAD (Unión Nacional de asociacións e entidades de Atención ao Drogodependiente)** e que desde fai varios anos traballan conxuntamente na execución e xustificación de varios programas sociais subvencionados con cargo a subvención do IRPF.

Ademais, ALIAD ULTREIA forma parte da **Federación de Asociacións Do Ámbito Social de Lugo (FADAS Lugo)** na que ostenta a presidencia. Durante o 2014 as actividades desta Federación centráronse na difusión de eventos e coordinación de iniciativas. A páxina web desta federación é www.fadaslugo.webs.tl.

Por último apuntar que, como se comentou anteriormente no apartado de sensibilización, Aliad Ultreia tamén forma parte da **Rede Galega Contra a Trata** na que colaboran varias entidades galegas entre as que se atopan Ecos do Sur, Érguete Muller, Vagalume, Faraxa, Médicos del Mundo, ACCEM, O Mencer, Cáritas Lugo e Alumar.



ALIAD-ULTREIA

Dirección:
Rúa Milagrosa nº99-101
27003 LUGO

Teléfonos:
982 251 948 / 655 395 940

Fax:
982 251 948

Correo electrónico:
ongaliad@hotmail.com

info@aliad.org

Web:
<http://aliadultreia.webs.tl>

www.aliad.org





ANEXO I – DOSIER DE PRENSA